

ACORDO XUNTA DIRECTIVA E ASEMBLEA XERAL GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO NORTE

Dna. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

1. Na reunión de Xunta Directiva Ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2024 acordouse o seguinte:

Establecer un criterio común para os proxectos que se presenten nas seguintes convocatorias de axudas do Galp, para accións substancialmente idénticas, en concreto o establecemento dunha contía de subvención fixa para os proxectos presentados por promotores privados alleos ao sector pesqueiro para o establecemento de aloxamentos turísticos, independentemente do importe solicitado, concretamente a infraestrutura para hostalería e aloxamento.

A Xunta Directiva acorda o seguinte:

Establecer unha contía de subvención fixa de 50.000 € para aqueles proxectos presentados por promotores privados alleos ao sector pesqueiro para o establecemento de infraestrutura turística tales como aloxamentos turísticos, pensións, hoteis ou similares e locais de hostalaría, independentemente do importe de axuda solicitado.

Para poder subvencionar dita contía, o proxecto deberá cumprir os demais requisitos de acordo coa EDLP, o Regulamento FEMPA e a orde de axudas correspondente, e continuará supeditado ao máximo de intensidade de axuda do 50%, tendo que ter o proxecto unha inversión mínima de 100.000 €.

2. Na reunión de Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o día 14 de xaneiro de 2025 as entidades membro da Asemblea Xeral acordaron o seguinte: Ratificar este acordo da Xunta Directiva do 26 de decembro de 2024 e proceder a súa publicación na páxina web do Galp.

E para que conste, onde proceda.

Miño, 20 de xaneiro de 2025

Visto e prace

José Antonio Anido Núñez
Presidente

Teresa María Oujo Reino
Secretaria